







OCA: É TEMPO DE MAGOSTO

Normas:

- Poden participar ata 4 xogadores (parellas ou pequenos grupos).
- Cada participante elixirá unha ficha e situarase no inicio.
- Por quendas tirarán un dado avanzando tantas casas como indique o mesmo e contestarase a pregunta correspondente.
- Comprobar que a resposta é correcta. Se non se acertou, deberá volver á casa na que estaba.
- Para gañar é preciso chegar a meta (Magosto - casa 62). Se non se obtén o número exacto, avanzarase e retrocederase tantas casas como sinala o dado

Fichas:



Preguntas:

1. Saída
2. Cal é o nome da árbore que da castañas?
3. En que época do ano maduran as castañas?
4. Cal é o nome deste animal que se alimenta de castañas?
5. A castaña. De castaña a castaña eu as como e ti as apañas.
Volves a tirar. (Repetir nas casas: 9, 14, 18, 23, 27, 32, 36, 41, 45, 50, 54, 59)
6. A ponte. De ponte a ponte arrástrame a corrente.
7. Estás de sorte, hoxe hai vento avanzas unha casa.
8. O papaventos.
9. A castaña
10. Que forma teñen as follas do castiñeiro?
11. Cun atranco no camiño acabaste de atopar, unha quenda sen xogar .
12. A ponte. De ponte a ponte arrástrame a corrente.
13. Remata o refrán: Polo San Martiño, buxainas ...
14. A castaña
15. Que parte do castiñeiro nos indica si é un castiñeiro novo ou vello?
16. Cales son as sementes dos castiñeiros?
17. No alto estou

De ouro vestido

Por unha regaña

Perdín os meus fillos, de quen estamos a falar?

18. A castaña
19. A posada chegaches e un descanso farás. Unha quenda sen xogar.
20. Co coello vas brincar, volves a tirar.
21. En que tipo de bosques vive o castiñeiro?
22. Quen axudou a expender o cultivo dos castiñeiros?
23. A castaña
24. Chove miudiño, vai amodiño. Agardas unha quenda.
25. Cantas castañas ter normalmente un ourizo?
26. De lúa a lúa, xogamos na rúa. Avanzas ata a outra lúa.
27. A castaña
28. O peixe.
29. Como se chama o bosque de castiñeiros?
30. Cal é o elemento básico do magosto?
31. Co pozo fuches dar e unha quenda tes que agardar
32. A castaña
33. Coas castañas fanse ricos postres. Cal é o nome deste postre?
34. Croac, croac, na charca vive a ra. Avanzas unha casa.
35. Como se chaman as crías da rá?
36. A castaña
37. Ademais das castañas, que outro elemento é típico do magosto?
38. Para que insectos son un excelente manxar as flores masculinas dos castiñeiros?
39. É hora de descansar un anaquiño, séntate a sombra do hórreo. Agardas unha quenda.
40. A este animal gústalle o solo húmido dos soutos, de quen estamos a falar?

41. A castaña
42. No labirinto vas a entrar, volve a comezar
43. Para que usan as pínegas os ocos dos castiñeiros?
44. Ademais de polas castañas, polo que é apreciado o castiñeiro?
45. A castaña
46. Cando se fai normalmente o magosto?
47. Para que se aproveita a madeira do castiñeiro?
48. Ademais do castiñeiro, que outra árbore é común en Galicia?
49. O gato quere pescar, tes que atrasar ata a casa do peixe
50. A castaña
51. Que quere dicir a palabra magosto?
52. Coa araña deches, unha perdiches. Agardas unha tirada
53. De lúa a lúa, xogamos na rúa. Avanzas ata a outra lúa.
54. A castaña
55. Como se chaman estas plantas que medrar aos pes e no tronco do castiñeiro?
56. Cosco, cosquiño, quedas paradiño. Agardas unha tirada.
57. Para que se reúne a xente no magosto?
58. Como se chama a flor do castiñeiro?
59. A castaña
60. A que elemento da natureza representa o lume no magosto?
61. Cal é o nome científico do castiñeiro?
62. Final

Respostas:

1. ---
2. Castiñeiro
3. No outono
4. Esquíu
5. ---
6. ----
7. ---
8. O papaventos
9. ----
10. Teñen forma de
lanza coa beira moi
dentada
11. ---
12. ---
13. Buxainas ao
camiño
14. ---
15. O tronco
16. As castañas
17. Do ourizo
18. -
19. ---
20. -
21. En bosques
húmidos
22. Os romanos
23. -
24. -
25. Tres castañas
26. -
27. -
28. O peixe
29. Souto
30. A castaña
31. ---
32. ---
33. Marrón glacé
34. ----
35. Cágados ou
cabezolos
36. ---
37. O viño novo
38. As abellas
39. O hórreo
40. Gato montés
41. ---
42. ---
43. Para descansar / a
píntega ou
salamántiga
44. Pola súa madeira
45. ---
46. Polo San Martiño
47. Para facer mobles
48. O carballo
49. -
50. ----
51. Gran fogueira
52. -
53. ---
54. -
55. Cogomelos
56. ---
57. Para comer
castañas e probar
o viño novo
58. Candeia
59. ---
60. Ao sol
61. Castanea Sativa
62. Chegaches ao final
do camiño